



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FENE

Secretaría

Modificación das bases xerais reguladoras das convocatorias e procesos selectivos para a cobertura, en quenda libre, das vacantes incorporadas nas diferentes ofertas de emprego público do Concello de Fene

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local en sesión do 12.12.2024 acordou a modificación das bases xerais reguladoras das convocatorias e procesos selectivos para a cobertura, en quenda libre, das vacantes incorporadas nas diferentes OEP do Concello de Fene.

Faise público o texto refundido das citadas bases coas modificacións aprobadas:

“BASES XERAIS REGULADORAS DAS CONVOCATORIAS E PROCESOS SELECTIVOS PARA A COBERTURA, EN QUENDA LIBRE, DAS VACANTES INCORPORADAS NAS DIFERENTES OFERTAS DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE FENE

Primeira.- Obxecto.

As presentes bases teñen por obxecto a regulación do procedemento e criterios xerais para a convocatoria e cobertura, en quenda libre, das prazas vacantes de persoal funcionario de carreira e laboral fixo que sexan incluídas nas diferentes ofertas de emprego público do Concello de Fene de conformidade co disposto nos artigos 70 do Texto Refundido da lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, e 204 da Lei 2/2015, do 9 de abril, do Emprego Público de Galicia. A regulación contida nestas bases completaranse co previsto nas correspondentes convocatorias e bases específicas, que en ningún caso poderán contradicir ou modificar o disposto, con carácter básico e xeral, nas presentes; que seguirán plenamente vixentes en tanto non sexan obxecto de modificación, derogación ou anulación posterior.

Segunda.- Normativa de aplicación.

Aos efectos do regulado nas presentes bases xerais, así como nas respectivas convocatorias e bases específicas, resultará de aplicación a seguinte normativa:

Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro (TRLEBEP).

Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública.

Lei 2/2015, do 9 de abril, do Emprego Público de Galicia (LEPG).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).

Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril (TRRL).

Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos aos que deben axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local

E, supletoriamente:

Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

Decreto 95/1991, do 23 de marzo, da Consellería da Presidencia e Administración Pública da Xunta de Galicia, polo que se aprobou o Regulamento de selección de persoal

Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade

Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, publicada no BOE do 13 de xuño de 2006, polo que se establecen os criterios para adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade

Lei 39/2015, de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Lei 40/2015, de 12 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público

E restantes disposicións normativas análogas/concordantes, substitutivas e/ou de desenvolvemento vixentes.

Terceira.- Requisitos das persoas aspirantes.

Para tomar parte nas probas selectivas, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes de participación:

a) Ter a nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, e restante normativa concordante, permita o acceso á praza convocada.

b) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

As persoas con discapacidade compatible coas tarefas e funcións correspondentes á praza convocada, xa sexa en quenda de discapacidade ou non, poderán concorrer, á mesma en igualdade de condicións que o resto das/os aspirantes, coas adaptacións no seu caso necesarias para o desenvolvemento dos procesos electivos; aplicándose, a tal efecto, o establecido na Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, publicada no BOE do 13 de xuño de 2006, pola que se establecen os criterios para adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade. Para estes efectos, os tribunais poderán requirir informe ou colaboración doutros órganos administrativos ou da administración sanitaria.

c) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa, excepto naqueles casos en que por lei veña establecida outra idade para a cobertura de determinadas prazas.

d) Estar en posesión das titulacións que para cada praza se establecen nas bases específicas, ou estar en condicións de obtelas antes do remate do prazo de presentación de instancias. No caso de que as ditas titulacións se obtivesen no estranxeiro, deberá terse concedida a correspondente credencial de homologación, segundo o Real Decreto 967/2014, do 21 de novembro (BOE do 22 de novembro), o Real Decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro, e a Directiva 2006/100/CE do Consello, do 20 de novembro, relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais, así como a determinados aspectos da profesión de avogado (BOE do 20 de novembro), ou aqueloutra normativa concordante vixente ao respecto.

e) Non estar separada ou separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de funcionarios/as do que a persoa tivera sido separada ou inhabilitada.

No caso de persoal laboral, non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á que pertencía.

No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no se Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Estar en posesión do CELGA, ou acreditación do coñecemento de lingua galega equivalente, que se sinala nas correspondentes convocatorias e bases específicas; ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias.

A dita acreditación do coñecemento de lingua galega realizarase de conformidade ao previsto na normativa de aplicación; con arranxo ao Sistema de Certificación de Lingua galega (CELGA) actualmente vixente, ou as súas certificacións equivalentes, debidamente homologadas polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia (nos termos do previsto na Orde de 16 de xullo de 2007, e Orde de 10 de febreiro de 2014, que modifica a anterior, ao respecto dos certificados oficiais acreditativos dos niveles de coñecemento de lingua galega).

En todo caso, e con arranxo ao previsto no artigo 51.2 da Lei do Emprego Público de Galicia, os/as aspirantes que non acrediten o coñecemento da Lingua Galega que se requira nas correspondentes bases específicas, ou estar en condicións de obtelo dentro do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega, de conformidade ao previsto na base sétima, e que cualificará ao/á aspirante como apto ou non apto.

e) Os restantes requisitos concretos que, no seu caso, se establezan nas convocatorias específicas.

Cuarta.- Presentación de solicitudes e admisión de aspirantes.

As interesadas e interesados en participar nos correspondentes procesos selectivos deberán presentar, segundo modelo-tipo que figure nas bases específicas, instancia/solicitud dirixida á/ao Sra./Sr. Alcaldesa/e no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima).

Ás solicitudes de participación deberá xuntárselles a seguinte documentación:

a) Copia do DNI, pasaporte ou documento identificativo equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade da persoa aspirante.

b) Copia (ou certificación acreditativa equivalente) do título requirido para participar na convocatoria e proceso selectivo respectivos, con arranxo ao que se sinala nas correspondentes bases específicas.

c) Xustificante de pagamento da taxa de participación no seu caso esixible.

d) No seu caso, fotocopia do certificado de discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por cento emitido polo órgano competente.

e) Calquera outra documentación esixida nas bases específicas da convocatoria

f) Relación dos méritos alegados polas persoas aspirantes para a súa valoración na fase de concurso, en caso de existir; xunto coa documentación acreditativa destes, segundo o previsto a continuación e nas respectivas bases específicas.

A dita relación de méritos acompañaranse dos documentos xustificativos/acreditativos con arranxo ao fixado, no seu caso, nas respectivas bases específicas. Debendo advertirse, a este respecto, que non se terán en conta, nin serán obxecto de valoración, aqueles méritos que non teñan sido achegados nin debidamente acreditados, na forma e con arranxo aos criterios e prazo sinalados nestas bases e nas específicas. Así, aqueles que se acheguen ou acrediten fóra de prazo sinalado, serán considerados como achega de documentación fóra de prazo e, polo tanto, non susceptibles de valoración; sen prexuízo dos supostos excepcionais nos que, previo acordo expreso do Tribunal, se poida requirir aclaración, documentación/información aclaratoria e/ou adicional sobre outra anterior achegada en prazo.

En ningún caso se valorarán méritos non alegados na solicitude en tempo e forma.

A antedita acreditación documental realizarse mediante a achega de copias simples, sen necesidade de cotexo das mesmas; sen prexuízo de que, ao abeiro do disposto no artigo 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (ou aqueloutras previsións normativas análogas/concordantes e/ou substitutivas), se poida requirir a posteriori a presentación de documentación/información orixinal e o cotexo.

O prazo de presentación de instancias/solicitudes de participación será de vinte días naturais contados dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado. A non presentación en tempo e forma suporá a inadmisión da persoa aspirante no proceso selectivo.

Quinta.- Persoas admitidas. Data e lugar de celebración das probas.

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou Concelleiro/a Delegado/a, se é o caso, ditará resolución pola que se declarará aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas, con indicación do motivo de exclusión, e sinalarase un prazo de dez días hábiles para emendas, de acordo co artigo 68 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A data, hora e lugar de celebración dos exercicios poderán publicarse conxunta ou separadamente coa lista provisional de persoas admitidas e excluídas.

Posteriormente a Alcaldía ou Concelleiro/a Delegado/a, se é o caso, aprobará a listaxe definitiva de admitidos e excluídos, xunto coa composición do Tribunal, lugar, data e hora na que se citará ao mesmo para a súa primeira sesión, así como para o inicio do proceso selectivo.

Estas resolucións deberán ser publicadas no BOP da Coruña, tableiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello de Fene.

Sexta.- Tribunais cualificadores

Os Tribunais, cuxa composición se adecuará aos criterios de imparcialidade, paridade e profesionalidade, así como aos restantes requisitos previstos, ao efecto, pola normativa de aplicación (artigos 60 do Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público e 59 da Lei de Emprego Público de Galicia), serán nomeados por resolución de Alcaldía, que se publicará no BOP de forma independente ou conxunta á aprobación da listaxe de persoas aspirantes admitidas e excluídas; e estarán conformados polos seguintes integrantes:

- **Presidenta/e (titular e suplente):** Unha/un funcionario de carreira ou persoal laboral fixo pertencente a un corpo ou escala para ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.

- **Vogais (titulares e suplentes):** Tres funcionarias/os de carreira ou persoal laboral fixo pertencentes a un corpo ou escala para ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.

- **Secretaria/o (titular e suplente):** Secretaria do Concello de Fene ou persoa que legalmente lle substitúa –sempre e cando cumpra o previsto no artigo 59.2 LEPG e 60.2 TREBEP- e, como suplente, unha/un funcionaria/o de carreira pertencente a un corpo ou escala para ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida.

En todo caso, nos supostos de ausencia, abstención ou recusación da persoa titular da secretaría, poderase designar a unha/un funcionaria/o de carreira pertencente a un corpo ou escala para cuxo ingreso se requira titulación igual ou superior á esixida para a praza obxecto de convocatoria, para o caso de que a persoa que legalmente a substitúa non cumpra o previsto no artigo 59.2 LEPG e 60.2 TRLEBEP

Para cada un dos membros do tribunal será designado unha persoa suplente. Este actuará nos supostos de que a persoa titular non poida asistir á correspondente sesión do órgano de selección.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar, sen a presenza, cando menos, de tres de seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente/a e o/a secretario/a. De todas as reunións que celebre o tribunal o/a secretario/a redactará a correspondente acta.

O tribunal resolverá, por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e/ou cuestións que se susciten ao respecto da aplicación e/ou interpretación das normas contidas nestas bases, así como nos supostos non previstos nelas (recabando no seu caso, a emisión de informe e/ou opinión especializada por parte dos asesores que, ao efecto, poidan ter sido requiridos).

Non poderán formar parte dos Tribunais o persoal de selección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual. Tampouco poderá formar parte dos órganos de selección de funcionarios de carreira ou persoal laboral, aqueles empregados públicos que realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da correspondente convocatoria. Todos os membros dos Tribunais deberán posuír titulación de igual nivel ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas a ser funcionarios de carreira. A pertenza aos Tribunais será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación, nos supostos en que así o estime oportuno (previo acordo formal adoptado ao respecto), e aos efectos da asistencia/colaboración na súa actuación ou traballos propios de asesores; que actuarán con voz e sen voto, limitándose ao exercicio das especialidades técnicas/profesionais en base ás cales foran requiridos para o dito asesoramento.

Os membros concorrentes ás sesións do tribunal, e para os efectos de percepcións de asistencias, se clasificarán consonte o disposto no Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo.

Os aspirantes poderán recusar aos membros dos Tribunais, aos asesores especialistas e ao persoal auxiliar cando, ao seu xuízo, concorra neles algunha ou varias circunstancias, sinaladas no artigo 23 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, seguíndose para iso o procedemento establecido no artigo 24 da lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Sétima.- Desenvolvemento do proceso selectivo. Sistemas selectivos e criterios xerais aplicables

1. Nas diferentes convocatorias e procesos selectivos realizados ao abeiro destas bases poderanse empregar como sistemas selectivos ordinarios, segundo se indique nas respectivas bases específicas, a oposición ou o concurso-oposición; e só en virtude de norma con rango de lei que así o habilite/ampare poderase empregar, con carácter excepcional, o sistema de concurso.

En calquera caso, o seu desenvolvemento efectivo adecuarase aos criterios xerais e básicos sinalados a continuación, xunto con aqueles outros complementarios e concordantes que, no seu caso, se poidan contemplar nas respectivas convocatorias e bases específicas.

2. Durante o desenvolvemento do proceso selectivo e, nomeadamente, dos exercicios da fase de oposición, o tribunal poderá requirir aos aspirantes que acrediten a súa identidade coa exhibición do documento nacional de identidade, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da súa identidade e nacionalidade. Igualmente, se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído, previa audiencia do interesado, comunicándoo no mesmo día á autoridade que convocou o proceso selectivo.

3. Nos supostos de concurso-oposición, a fase de concurso precederá á de oposición, e en ningún caso terá carácter eliminatorio. A puntuación obtida nesta fase de concurso sumarase á obtida na fase de oposición, sempre que as persoas aspirantes a tivesen superado (por ter superado todos os exercicios que lle resulten obrigatorios); determinándose, así, a puntuación final. En todo caso, a fase de concurso só poderá supoñer, como máximo, un 40% da puntuación total do proceso selectivo.

4. Os exercicios da fase de oposición serán de carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes; sen prexuízo da proba específica de coñecemento de lingua galega, que só será obrigatoria para os/as aspirantes que non teñan acreditado estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido segundo a vacante convocada, con arranxo ao sinalado no apartado f da base terceira; e na que os/as aspirantes serán cualificados como aptos ou non aptos. En todo caso, os/as aspirantes que non superen algún dos exercicios obrigatorios da fase de oposición non poderán realizar os exercicios seguintes, e quedarán eliminadas/os do proceso selectivo.

5. Para poder superar o proceso selectivo e, polo tanto, optar á cobertura da vacante convocada, os aspirantes deberán ter superado todos os exercicios da oposición que lle resultan obrigados; de non ser así, e non existir ningún aspirante que teña superado a fase de oposición, poderase declarar deserta. En todo caso, non se poderán declarar como seleccionados e ser nomeados/contratados un número de aspirantes superior ao de prazas convocadas.

6. A fase de concurso (nos supostos de utilización do sistema de concurso-oposición)

Nos supostos excepcionais nos que se acuda ao sistema de concurso-oposición, a fase de concurso, que se realizará con carácter previo á fase de oposición, consistirá na valoración dos méritos alegados e adecuadamente acreditados polas persoas aspirantes e admitidas no proceso, con arranxo aos criterios sinalados nas presentes bases, así como nas específicas.

A fase de concurso en ningún caso terá carácter eliminatorio. A puntuación obtida nesta fase de concurso sumarase á obtida na fase de oposición, sempre que as persoas aspirantes a tivesen superado (por ter superado todos os exercicios que lle resulten obrigatorios); determinándose, así, a puntuación final. En todo caso, a fase de concurso só poderá supoñer, como máximo, un 40% da puntuación total do proceso selectivo.

Non se terán en conta, nin serán obxecto de valoración, aqueles méritos que non teñan sido achegados nin debidamente acreditados, na forma e con arranxo aos criterios e prazos sinalados nas presentes bases e nas específicas. Así, aqueles que se acheguen ou acrediten fóra de prazo sinalado, serán considerados como méritos e documentación achegada fóra de prazo e, polo tanto, non susceptibles de valoración; sen prexuízo dos supostos excepcionais nos que, previo acordo expreso do Tribunal, se poida requirir aclaración, documentación/información aclaratoria e/ou adicional sobre outra anterior achegada en prazo.

O resultado da fase de concurso farase público mediante anuncio no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal, antes de iniciarse a fase de oposición. Igualmente, no dito anuncio tamén se indicará a data, hora e lugar de celebración do primeiro exercicio da fase de oposición ou, no seu defecto, indicaranse os medios polos que será anunciada a dita celebración.

Os aspirantes disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación das puntuacións obtidas na fase de concurso, para formular alegacións/reclamacións. Á vista das reclamacións que se presenten, e no caso de ser estimadas, realizaranse as oportunas correccións nas puntuacións, publicándose a valoración definitiva no taboleiro de anuncios e páxina web do Concello.

A fase de concurso consistirá na valoración, cando menos e sen prexuízo daqueloutros que se poidan fixar nas bases específicas (previa motivación por parte do órgano convocante), dos méritos indicados a continuación, xunto co sistema de baremación aplicable. E tendo en conta, en todo caso, que os méritos se valorarán con referencia á data de inicio do prazo de presentación de instancias/solicitudes de participación.

a) Experiencia profesional relacionada coa vacante obxecto de convocatoria. Que consistirá na valoración dos servizos prestados na Administración Pública ou entidades do Sector Público en praza/posto/categoría/condición idéntica ou equivalente á vacante convocada. Podendo primaranse, segundo a vacante convocada, os servizos prestados na Administración Local, ou entidades públicas dependentes da mesma, fronte aos prestados noutras Administracións ou entidades do Sector Público, sempre que isto se realice dun xeito proporcionado e que non resulte excluínte para o persoal que non acredite experiencia na Administración Local. En todo caso, esta distinta valoración da experiencia segundo o tipo de administración pública unicamente será admisible no caso de que a vacante convocada teña particularidades propias do eido local; en caso contrario, en aplicación do principio de igualdade, valorarase a experiencia de forma xenérica e idéntica para calquera administración pública, segundo o criterio de puntuacións fixado no apartado a.1 seguinte.

Esta experiencia será valorada con arranxo ao antedito e os criterios básicos sinalados a continuación, e ata o máximo total de puntos que se estableza nas respectivas bases específicas:

a.1) Polos servizos prestados, en calquera administración local ou entidade pública dependente da mesma (tanto en réxime funcionarial como laboral), en praza/posto/categoría/condición idéntica ou equivalente á da vacante convocada; a razón de 0,10 puntos por cada mes completo de servizos prestados, e ata o máximo total que se fixe nas respectivas bases específicas.

a.2) Polos servizos prestados, en calquera administración pública ou entidade do sector público (tanto en réxime funcional como laboral), en praza/posto/categoría/condición idéntica ou equivalente á da vacante convocada; a razón de 0,05 puntos por cada mes completo de servizos prestados, e ata o máximo total que se fixe nas respectivas bases específicas.

Ademais, de maneira excepcional, e motivado nas particulares características e condicións das vacantes convocadas e/ou necesidades laborais/funcionais a cubrir, poderanse valorar, tamén, os servizos prestados en empresa/entidade privada en posto/categoría/condición idéntica ou equivalente á vacante obxecto de convocatoria; con arranxo ao sistema de puntuación fixado nas respectivas bases específicas.

Para a acreditación dos méritos anteditos deberase achegar a seguinte documentación xustificativa:

1. No caso de servizos prestados en réxime laboral, mediante contrato de traballo ou certificación de servizos, xunto con certificación de vida laboral acreditativa de ditos servizos e expedida polo órgano competente da seguridade social.

2. No caso de que os servizos prestados fosen como funcionario, mediante resolución do nomeamento e/ou a toma de posesión ou certificación de servizos, xunto con certificación de vida laboral acreditativa de ditos servizos e expedida polo órgano competente da seguridade social.

3. No caso de servizos prestados en empresa privada, mediante contrato de traballo, xunto con certificación de vida laboral acreditativa de ditos servizos e expedida polo órgano competente da seguridade social.

En todo caso, desta documentación xustificativa deberá concluírse/deducirse, de xeito claro e inequívoco, o posto/praza/categoría/condicións nos que se terían prestado os servizos que se pretende que sexan valorados, así como o tempo de efectiva prestación. De non ser así, os/as aspirantes deberán achegar, a maiores, certificación expedida polo funcionario/a ou órgano competente da entidade correspondente na que se reflectan e acrediten, claramente, tales extremos.

Non se computarán os servizos que se prestaran simultaneamente con outros igualmente alegados, e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial.

Aos efectos da valoración da experiencia, un mes equivalerá a 30 días de traballo. En caso de acreditación de períodos de traballo por días, un mes virá determinado pola acumulación de 30 días de traballo. Non serán obxecto de valoración fraccións de tempo inferiores.

Non se terán en conta outras formas de acreditación dos servizos prestados diferentes das previstas nestas bases ou, de ser o caso e de forma complementaria, nas respectivas bases específicas; e en ningún caso un certificado de servizos prestados poderá substituír á documentación anteriormente requirida, podendo achegarse, en todo caso, como documentación xustificativa complementaria.

b) Formación específica/complementaria, relacionada coas funcións e/ou competencias profesionais propias da vacante convocada, ata o máximo de puntuación fixado en cada convocatoria e bases específicas.

Serán obxecto de valoración as accións/cursos de formación específica, perfeccionamento ou especialización directamente relacionadas coas funcións e/ou competencias profesionais propias da vacante convocada, e que contén con homologación/recoñecemento oficial (entendendo, a tal efecto, que foran impartidas, organizadas, recoñecidas e/ou homologadas por Administracións Públicas, entidades ou organismos dependentes destas e/ou habilitados oficialmente aos ditos efectos formativos). A valoración de dita formación realizarase conforme aos criterios sinalados a continuación, e ata o máximo de puntos que se estableza nas respectivas convocatorias e bases específicas:

1. Por hora/crédito de formación: 0,05 puntos.

Non serán valoradas as accións formativas de menos de 10 horas, nin a asistencia a xornadas, seminarios, simposios ou similares.

Para a acreditación desta formación deberase achegar o título correspondente ou certificación equivalente e acreditativa de ter superado o curso ou acción formativa alegada, expedidos pola entidade/organismo organizador ou responsable da actividade formativa.

Nos documentos acreditativos da realización dos cursos/accións formativas deberá constar a data da súa realización, a súa duración (en horas), así como o seu obxecto, con indicación de temario/materias impartidos (agás en supostos de cursos monográficos); de non figurar/acreditarse ditos extremos, non serán obxecto de valoración.

No caso de que a duración só se estableza por créditos e non por horas, cada crédito equivalerá a 10 horas.

Valoraranse por unha soa vez os diferentes cursos/accións cun mesmo obxecto ou referidos a unha mesma materia (agás que quede claramente constatado que o contido tivera sido diferente, ou que se tratase de actualizacións); valorándose, unicamente, o de nivel superior, avanzado ou, de resultar coincidentes, o de data máis próxima.

Non se terán en conta outras formas de acreditación da formación específica diferentes das previstas nestas bases ou, de ser o caso e de forma complementaria, nas respectivas bases específicas.

7. A fase de OPOSICIÓN consistirá na superación de exercicios/probas teóricas e/ou prácticas a fixar nas respectivas bases reguladoras de cada convocatoria, que deberán permitir determinar/avaliar a capacidade das persoas aspirantes e gardarán relación cos procedementos, tarefas e funcións habituais a desempeñar e a titulación/formación requirida. As probas poderán consistir na comprobación dos coñecementos e da capacidade analítica dos aspirantes, e/ou na realización de exercicios de índole práctica para comprobar os coñecementos, habilidades e/ou destrezas requiridas.

As probas de tipo teórico deberán gardar relación, en todo caso, coas materias contidas nos temarios a incorporar nas respectivas bases específicas reguladoras de cada convocatoria.

Nas probas/exercicios de natureza práctica os tribunais poderán propoñer a realización de casos/supostos prácticos segundo o previsto, ao efecto, nas bases específicas de cada convocatoria, e sempre que estean relacionados cos procedementos, tarefas e funcións habituais a desempeñar; consistindo en probas de desenvolvemento material das habilidades operativas, destrezas e/ou coñecementos requiridos, e función da vacante obxecto de convocatoria. E cando así se prevea expresamente nas respectivas bases específicas, o exercicio práctico poderá consistir nunha proba informática.

A fase de oposición constará dun mínimo de 2 exercicios de carácter obrigatorio e eliminatorio para todas as persoas aspirantes; e isto sen prexuízo da proba específica de coñecemento de lingua galega, que só será obrigatorio para os/as aspirantes que non teñan acreditado estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido nas bases específicas de cada convocatoria (con arranxo ao sinalado no apartado f. da base terceira).

Os temarios/programas sobre os que versarán os diferentes exercicios adecuaranse na súa extensión, segundo grupo de titulación, así como na súa distribución por materias comúns e específicas, ao previsto ao efecto, e ao respecto do persoal funcionario da Administración Local, no RD 896/1991, de 7 de xuño; con aplicación tamén ás prazas de persoal laboral, que con carácter xeral e a tales efectos terán un tratamento análogo ás de persoal funcionario.

Os/as aspirantes poderán realizar o/s exercicio/s, a súa elección, en calquera das linguas oficiais de Galicia.

As persoas aspirantes convocaranse para cada exercicio da fase de oposición en chamamento único, excepto nos casos debidamente xustificadas e libremente apreciadas polo tribunal; sendo excluídas desta e, polo tanto, do proceso selectivo, as que non comparezan, agás nos casos debidamente xustificadas e apreciadas discrecional e potestativamente polo Tribunal. En todo caso, as causas ou razóns xustificativas formularanse dentro das vinte e catro (24) horas seguintes á celebración do exercicio ao que non compareceran. No suposto de sexa preciso establecer unha orde de actuación/chamamento dos/as aspirantes, seguirase a orde alfabética e criterios que, para o ano en curso, teña aprobado a Xunta de Galicia en relación á orde de actuación dos aspirantes nos procesos selectivos para o ingreso na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia que se deriven da oferta de emprego público do ano correspondente e/ou en curso.

As e os aspirantes terán que presentarse para a realización de cada exercicio provistas/os do orixinal do DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da súa identidade e nacionalidade, así como dos medios materiais esixidos para a práctica dos exercicios na convocatoria ou polos tribunais.

Os exercicios terán lugar a porta pechada sen outra asistencia que a dos membros do tribunal, as e os colaboradores/asesores designados por este, des ser o caso, e as e os aspirantes. Poderán ser públicos os actos de lectura/exposición oral de exercicios previamente desenvolvidos, ou aqueles outros para os que, de maneira excepcional e motivada, así se prevea nas respectivas bases específicas.

Dende a total conclusión dun exercicio/proba ata o comezo do seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de setenta e dúas horas e un máximo de corenta e cinco días naturais.

A forma concreta de realización/presentación dos exercicios da fase de oposición será acordada polo Tribunal, en función das características da vacante convocada e con arranxo ao previsto nestas bases e nas específicas. En todo caso, os criterios para a súa avaliación/corrección/puntuación deberán ser fixados de forma clara, polo Tribunal, antes de iniciarse o exercicio; e isto deberá constar na correspondente acta.

O contido dos exercicios deberá ser fixado polos respectivos tribunais inmediatamente antes da realización destes; e deberá incluír, en todo caso, preguntas de reserva para aquelas que puidesen ser anuladas (as preguntas de reserva deberán ser contestadas polos aspirantes e utilizaranse para substituír aquelas preguntas do exame inicial que, de ser o caso, fosen anuladas polos tribunais, previo acordo motivado ao respecto).

Se así se tivese previsto nas respectivas bases específicas, o Tribunal poderá acordar (tanto nos exercicios teóricos como nos prácticos) a lectura dos exercicios por parte dos/as aspirantes, unha vez finalizada a súa realización. Se o/a aspirante non se presentase á lectura será declarado non apto/a e, polo tanto, eliminado do proceso selectivo.

Aqueles aspirantes que non acrediten estar en posesión do nivel CELGA, ou equivalentes (con arranxo ao sinalado no apartado f. da base terceira), que se requira en cada convocatoria e bases específicas, ou estar en condicións de obtelo antes do remate do prazo de presentación de instancias, deberán realizar unha proba específica de coñecemento de lingua galega.

No caso de que nas bases específicas se requira estar en posesión do CELGA 3 e 4, ou equivalentes, a proba obrigatoria para quen non o acredite consistirá en traducir un texto, facilitado polo tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba, e sen axuda de dicionario, do castelán ao galego. Esta proba terá unha duración máxima de 30 minutos e cualificará aos/ás aspirantes como “apto/a” ou “non apto/a”, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto; quedando eliminados do proceso selectivo aqueles/as aspirantes que non acaden dita cualificación de apto. No caso de que as bases específicas requiran estar en posesión do CELGA 1 ou 2, ou equivalente, dita proba será de carácter oral, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de “apto/a”; quedando eliminados do proceso selectivo aqueles/as aspirantes que non acaden a dita cualificación.

Os/as aspirantes que non acrediten posuír o nivel de coñecemento de galego requirido nas bases específicas de cada convocatoria, ou que, alternativamente, non teñan sido declarados aptos na proba específica de galego, serán eliminados do proceso selectivo.

Os exercicios da fase de oposición, tanto teóricos como prácticos, cualificaranse/puntuaranse con arranxo ao previsto, ao efecto, nas respectivas bases específicas; nas que deberá figurar o máximo de puntos acadable, así como o mínimo de puntuación necesario para a súa superación, que non terá por que corresponderse, necesariamente, co 50% das preguntas/contidos. Correspondendo ao Tribunal determinar os criterios de corrección/cualificación dos exercicios, así como os coñecementos/nivel mínimos requiridos para acadar a puntuación necesaria para superalos, que deberán garantir, en todo caso, a idoneidade e capacidade das persoas aspirantes

As puntuacións/cualificacións resultantes da corrección dos diferentes exercicios da fase de oposición faranse públicas no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal. Os/as aspirantes disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles para formular reclamacións/alegacións ao respecto dos resultados e cualificacións obtidos, contados a partir do día seguinte á súa publicación no taboleiro de anuncios/edictos e páxina web municipais. Á vista das reclamacións que se presenten, e no caso de ser estimadas, realizaranse as oportunas correccións nas puntuacións, publicándose a puntuación definitiva no taboleiro de anuncios e páxina web municipais.

Oitava.- Cualificación do proceso selectivo

Os sistemas de cualificación dos procesos selectivos recolleranse nas bases específicas de cada convocatoria, e adecuarase ao disposto na base anterior.

O tribunal deberá aplicar as medidas que garantan que a corrección dos exercicios se realice preservando o anonimato dos/as candidatos/as, agás naqueles nos que pola súa natureza e/ou causa debidamente xustificada, resulte imposible.

As puntuacións/cualificacións resultantes faranse públicas no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal.

As e os aspirantes que non superen todos os exercicios/probas de carácter obrigatorio e eliminatorio non poderán realizar os exercicios seguintes, no seu caso, e quedarán eliminadas/os do proceso selectivo. Para a superación do proceso e, polo tanto optar á cobertura da vacante ofertada, os aspirantes deberán ter superado todos os exercicios da oposición; de non ser así, poderase declarar deserta a/as vacantes convocadas.

A puntuación final do proceso selectivo obterase sumando as puntuacións acadadas na fase oposición e, de existir, na de concurso (suma final que só procederá nos casos dos/as aspirantes que teñan superado todos os exercicios/probas obrigatorios da fase de oposición)

Nos supostos de empate no caso do concurso-oposición nas puntuacións totais finais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida na fase de oposición. De persistir o empate, acudirase á puntuación acadada na fase de concurso. E de seguir persistindo o dito empate, este resolverase por sorteo.

A resolución dos empates no caso de que o sistema selectiva sexa o de oposición dirimirase en función da puntuación obtida nas diferentes probas, establecéndose nas bases específicas a orde de preferencia. De persistir o empate, este resolverase por sorteo.

As resolucións de empates mediante sorteo realizaranse ante o Tribunal e presenza de todas as persoas aspirantes que así o desexen.

Novena.- Publicación dos resultados finais e presentación de documentos.

Finalizadas as probas, o Tribunal fará pública a relación de persoas aprobadas, por orde de puntuación final, no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do Concello; e simultaneamente elevará a dita relación á Alcaldía, para que resolva o nomeamento ou a contratación, que será obxecto publicación no BOP e no DOG (así como no taboleiro de anuncios e web municipais).

En todo caso, o Tribunal non poderá propoñer o nomeamento/contratación e acceso á condición de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo dun número de aspirantes aprobados superior ao de prazas convocadas.

Non obstante o anterior, sempre que o Tribunal teña proposto o nomeamento ou a contratación de igual número de aspirantes que de prazas convocadas, na proposta do Tribunal tamén figurará unha relación complementaria, por orde descendente da puntuación acadada, daqueles aspirantes que aínda que non teñan sido propostos para a selección e nomeamento tiveran superado todos exercicios e probas obrigatorias da fase de oposición. A esta relación/listaxe acudírase, segundo a orde/prelación resultante da puntuación acadada no respectivo proceso selectivo, para os supostos de imposibilidade do nomeamento/contratación e toma de posesión/incorporación dos aspirantes inicialmente seleccionados para a cobertura das vacantes convocadas (xa sexa por renuncia ou ben polo incumprimento dos prazos, requisitos e/ou requirimentos documentais previstos ao efecto).

No prazo de vinte días naturais contados dende o seguinte a aquel no que se teña publicado a relación de aprobados/as, os/as opositores proposto/as para a súa selección e nomeamento/contratación deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima), os seguintes documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

a) Declaración responsable de non estar separada/o mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de funcionarios/as do que a persoa tivera sido separada ou inhabilitada.

No caso de persoal laboral, declaración de non ter sido despedido/a mediante expediente disciplinario de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á que pertencía.

b) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico e/ou psíquico que incapacite para o exercicio das funcións das prazas convocadas, expedido por facultativo/a de medicina de familia do Sergas ou similar que lles corresponda ás/aos interesados.

As persoas aspirantes aprobadas que fixesen valer a súa condición de persoal con discapacidade na instancia, deberán presentar tamén certificado expedido polo mesmo órgano ou polo competente da administración sanitaria, acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes á praza á que se accede.

c) Declaración responsable de non acharse incurso/a en causa algunha de incapacidade ou incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referida ao momento da súa toma de posesión.

d) Número de afiliación á seguridade social.

e) Acreditación documental da conta bancaria na que se farían os seus ingresos nominais.

Décima.- Finalización do proceso selectivo. Nomeamento, toma de posesión ou contratación.

Se no prazo e forma indicados na base anterior (agás nos casos de forza maior debidamente motivados, que serán obxecto de apreciación e estimación discrecional e potestativa por parte da Alcaldía), as/os aspirantes propostos para a súa selección e nomeamento/contratación, non presentaran a documentación requirida, ou da mesma se deducira que non reúnen os requisitos esixidos, non poderán ser nomeados/contratados, e entenderase renuncia/desestimento dos seus dereitos inherentes; e isto sen prexuízo das responsabilidades nas que, de ser o caso, puideran incurrir por falsidade. E a Alcaldía propondrá e resolverá, con arranxo á orde de prelación resultante da puntuación acadada no proceso selectivo, o nomeamento/contratación dun/dunha integrante da relación complementaria de aspirantes que tiveran superado todas os exercicios obrigados da fase de oposición (e que, segundo o exposto na base anterior, conformarían a bolsa de emprego derivada de cada convocatoria).

Cumpridos os requisitos precedentes a Alcaldía resolverá o nomeamento ou contratación das/os aspirantes propostos, que deberán tomar posesión/incorporarse na data sinalada ao efecto e, en todo caso, no prazo máximo dun mes, dende o seguinte ao da publicación da dita resolución de nomeamento/contratación no BOP (resolución de nomeamento ou contratación que tamén será obxecto de publicación no DOG, así como no taboleiro de edictos e páxina web municipais); de tal xeito que a súa eficacia estará condicionada/supeditada á posterior e efectiva toma de posesión/incorporación, no prazo sinalado.

De non cumprir co dito prazo de toma de posesión/incorporación, sen existir causa xustificada (casos de forza maior, debidamente motivados, que serán obxecto de apreciación e estimación discrecional e potestativa por parte da Alcaldía), entenderase que renuncian/desisten dos seus dereitos inherentes, deixando sen efectos a resolución de nomeamento/

contratación previa. E a Alcaldía propondrá e resolverá, con arranxo á orde de prelación resultante da puntuación acadada no proceso selectivo, o nomeamento/contratación dun/dunha integrante da relación complementaria de aspirantes que tiveran superado todas os exercicios obrigados da fase de oposición (e que, segundo o exposto na base anterior, conformarían a bolsa de emprego derivada de cada convocatoria).

Décimo primeira.- Incompatibilidades

As e os aspirantes que resulten nomeados/as ou contratados para cubrir as prazas convocadas quedarán suxeitas/os dende o momento da súa toma de posesión ou contratación ao réxime de incompatibilidades vixente, e non poderán simultanear o exercicio desta co de calquera outra praza, postos, emprego ou actividade remunerada nos termos previstos na lexislación sobre incompatibilidade do persoal ao servizo das administracións públicas.

Décimo segunda.- Bolsas de emprego.

Xunto coa resolución de nomeamento ou contratación como funcionario de carreira ou persoal laboral fixo, segundo proceda, dos/as aspirantes seleccionados nas convocatorias realizadas ao abeiro destas bases xerais, xunto coa relación complementaria prevista na base novena, no seu caso, tamén se procederá á aprobación dunha bolsa de emprego por orde descendente da puntuación acadada polos/as aspirantes finalmente non seleccionados pero que tiveran superado o número, tipo de probas e/ou a cualificación mínima que as correspondentes bases específicas determinen.

Esta bolsa terá por obxecto habilitar unha listaxe de aspirantes á que se acudirá, nos supostos legais procedentes e con arranxo ás modalidades de emprego (funcionariais/laborais) correspondentes, para futuras e xustificadas incorporacións de persoal temporal con equivalente condición profesional á do seleccionado na convocatoria e proceso selectivo dos que se derive a dita bolsa.

A súa creación, funcionamento e xestión rexeráse polas normas sinaladas a continuación ou, no seu caso, e con carácter complementario, nas respectivas convocatorias e bases específicas.

I. Obxecto. Supostos e ámbito de aplicación

O recurso a esta bolsa, para a incorporación e contratación ou nomeamento do persoal temporal pretendido, deberá cingirse e adecuarse aos supostos, criterios, requisitos e modalidades/tipoloxías funcionariais ou laborais-contractuais previstas, segundo o caso, pola normativa aplicable ao efecto en cada momento; e, concretamente, e segundo o marco normativo actualmente vixente, ao disposto nos artigos 10 e 11 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público (TRLEBEP); 23 a 27 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia (LEPG); Estatuto dos Traballadores; e artigo 19.dos da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 (ou aqueloutras disposicións análogas/concordantes vixentes en cada momento). En todo caso, nos supostos e circunstancias nos que, segundo o previsto pola normativa de aplicación (e, nomeadamente, segundo o previsto no artigo 200 da LEPG ou previsións normativas análogas/concordantes vixentes), non proceda a contratación de persoal laboral temporal, o persoal a incorporar mediante a bolsa de emprego terá a condición de persoal funcionario interino.

No expediente correspondente deberá figurar a descrición e xustificación da necesidade laboral/funcional temporal cuxa cobertura se pretenda; debendo acreditarse/xustificarse a efectiva concorrencia da urxencia e/ou aqueloutras supostos ou circunstancias excepcionais que, segundo a normativa vixente no momento, permitirían a incorporación do persoal temporal pretendido (xa sexa en réxime laboral ou ben funcional, segundo o que proceda). Con acreditación, asemade, por parte da Intervención Municipal, da existencia de crédito adecuado e suficiente.

O obxecto das ditas incorporacións temporais será a realización das funcións/tarefas propias das prazas/postos/categorías a desempeñar (nos termos do legalmente definido ao efecto, e con arranxo á capacitación profesional, legal e formativa inherentes), segundo as necesidades de servizo que as teñan motivado; e, en todo caso, con arranxo aos criterios organizativos e funcionais derivados do previsto, ao efecto, na RPT ou instrumento organizativo equivalente vixente en cada momento.

II. Vixencia

A vixencia destas bolsas contarase dende o día seguinte ao da publicación da resolución aprobatoria e a súa duración establecerase nas bases específicas e, no caso de non establecerse, será de tres anos, prorrogables anualmente por causa xustificada antes do seu vencemento, ata un máximo de cinco anos. Non obstante, poderán quedar anuladas automaticamente, antes da finalización da dita vixencia, coa entrada en vigor efectiva doutra bolsa con obxecto e/ou características equivalentes; xa sexa por convocatoria específica ao efecto (por terse esgotado a aquí regulada, ou por calquera outra causa debidamente acreditada), ou ben porque se derive da convocatoria de novos procesos selectivos, de conformidade coas regras que se establecen a continuación:

-A creación e entrada en vigor destas bolsas poderá anular ou complementar calquera outra de obxecto e/ou características equivalentes que poida existir no Concello, de conformidade co que a tal efecto se estableza nas bases específicas. No caso de que nas bases específicas non se dispoña nada ao efecto, rexerán as seguintes regras:

-a nova bolsa anulará calquera outra de obxecto e/ou características equivalentes que poida existir no Concello se conta con máis de tres anos de vixencia

-a nova bolsa será complementaria de calquera outra de obxecto e/ou características equivalentes que poida existir no Concello se conta con menos de tres anos de vixencia, debendo respectarse ao efecto o conxunto dos seguintes criterios de prioridade:

- Será preferente a bolsa que tivera probas de oposición fronte as conformadas só por concurso de méritos
- Será preferente a bolsa que derivara dun proceso selectivo para persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo fronte a bolsas conformadas para listaxes de persoal funcionario interino ou laboral temporal
- Sen prexuízo do anterior, respectarase o principio de temporalidade, dando preferencia á bolsa aprobada con posterioridade fronte á máis antiga á que complementa
- Os prazos de vixencia de cada bolsa fixados nas correspondentes bases específicas manteranse de forma separada con independencia de que as bolsas sexan complementadas con outras.

III.- Funcionamento e xestión.

1. Chamamentos.

Os chamamentos para a formalización dos nomeamentos/contratacións realizaranse en base á orde de prelación vixente, en cada momento, entre os/as integrantes da bolsa de traballo; e, polo tanto, respectando a posición ordinal (por orde descendente) que, en cada momento, ostenten nela.

En caso de oferta simultánea de varias contratacións, estas ofreceranse en bloque, para a súa elección segundo a orde de prelación de aspirantes.

Os chamamentos realizaranse por vía telefónica e correo electrónico, ao número e dirección de correo electrónico facilitados, polo/as integrantes da bolsa de traballo, no momento de terse presentado ao proceso selectivo para a súa creación; así, en aras a unha adecuada eficacia deste procedemento, os/as interesados/as deberán comunicar ao Concello, baixo a súa responsabilidade, calquera alteración destas datos de contacto, a efectos de chamamento, que se puidera ter producido.

Realizaranse un máximo de tres chamadas telefónicas, durante unha mesma xornada laboral (entendida dende as 9:00 ás 14:00 horas), a distinta horas e cun intervalo mínimo dunha hora. No caso de non terse producido resposta ás ditas chamadas, remitirase un correo electrónico final (dentro da mesma xornada). Tanto na chamada telefónica como no correo electrónico indicarse, como mínimo, a tipoloxía/modalidade da incorporación temporal ofertada (coa duración prevista, en caso de coñecerse, e/ou causa de finalización), si se está a expensas de que acepten os/as integrantes da lista anteriores e que tiveran sido chamados previamente, o prazo máximo para a resposta e o número de teléfono e correo electrónico para poder contactar, a tales efectos, co Concello. Darase un prazo máximo de 24 horas (contado dende a hora de contestación da chamada ou, de non producirse, dende a hora da última chamada sen resposta) para aceptar, ou non, a oferta realizada.

a) De non terse producido ningún tipo de resposta ao chamamento (no prazo máximo antedito), aplicaranse ao/á integrante os mesmos efectos, en relación coa súa situación na bolsa, que os previstos para os supostos de rexeitamento inxustificable do chamamento e, polo tanto, nos termos do sinalado a continuación, implicará o seu pase ao último lugar da bolsa; e así, sucesivamente, para cada un dos/as integrantes que incorran en falta de resposta.

b) De terse respondido a dito chamamento, no prazo sinalado, procederase do seguinte xeito, segundo se teña producido á aceptación ou rexeitamento da oferta de incorporación realizada:

b.1.- No suposto de rexeitamento da oferta, o/a interesado/a deberá alegar algunha das causas/situacións xustificadas que continuación se relacionan, sen prexuízo daquelas de forza maior que poidan alegarse e que serán obxecto de apreciación e estimación discrecional e potestativa por parte da Alcaldía; e todas elas deberán acreditarse documental e fidedignamente no prazo máximo de 5 días hábiles dende o dito rexeitamento. De cumprirse co antedito, conservará a súa posición ordinal dentro da bolsa; de non ser así, pasará ao último lugar desta.

As ditas causas/situacións de rexeitamento xustificadas serán as seguintes:

1. Concorrenza de parto, permiso por nacemento, adopción ou acollemento, permiso de paternidade, risco durante o embarazo, risco durante o período de lactación natural e/ou situacións asimilables.

2. Estar en situación de incapacidade temporal transitoria por continxencias comúns ou profesionais, acreditado co correspondente parte médico de baixa.

3. Estar en situación de servizo activo en calquera Administración Pública ou entidade integrante do sector público, ou ter sido seleccionado/nomeado e atoparse en prazo de toma de posesión ou contratación para acadar a dita situación

4. Estar nalgunha das situacións de servizos especiais contemplada pola normativa de aplicación

5. Ter vixente un contrato de traballo cunha empresa/entidade privada, ou exercer como autónomo.

6. Ter que coidar e/ou estar ao cargo dun familiar de ata segundo grao, cando este, por razóns de idade, accidente ou enfermidade non puidera valerse por si mesmo e non desenvolva unha actividade retribuída; ou situacións asimilables enmarcadas dentro do exercicio da conciliación laboral e familiar.

b.2.- No suposto de aceptación da oferta, a Alcaldía resolverá a incorporación, na modalidade de emprego que proceda e na data prevista ao efecto, do/a integrante da bolsa chamado e que teña aceptado, ao que se lle requirirá para que antes desta no prazo concreto sinalado ao efecto, presente a seguinte documentación:

a) Declaración responsable na que fará constar e manifestará (sen prexuízo da responsabilidade na que, no seu caso, e por falsidade na dita declaración, puidese incorrer):

1. Aceptación expresa do nomeamento ou contratación, segundo proceda.

2. Seguir reunindo todos e cada un dos requisitos esixidos, e acreditados, no momento de terse presentado ao proceso selectivo.

3. No caso do persoal funcionario, non estar separada ou separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de funcionarios/as do que a persoa tivera sido separada ou inhabilitada. No caso de persoal laboral, non ter sido despedido/a mediante expediente disciplinario de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á que pertencía.

4. Non estar incurso/a en causa algunha de incapacidade nin de incompatibilidade, de conformidade coa normativa aplicable, que imposibilite a ocupación e desempeño do posto.

b) Número de afiliación á seguridade social.

c) Acreditación documental da conta bancaria na que se farían os seus ingresos nominais.

d) Certificado médico oficial asinado por un colexiado en exercicio no que conste expresamente que ten a capacidade funcional (capacidades e aptitudes físicas e psíquicas) necesaria para o desempeño das funcións e tarefas da praza á que se accede.

No caso de que, no prazo sinalado, non cumprira coa presentación da referida documentación (ou desta se deducira que non reúne os requisitos esixidos), ou ben non procedera á incorporación/toma de posesión, entenderase que renuncia/desiste dos seus dereitos inherentes, de tal xeito que non se procederá á súa efectiva incorporación e a Alcaldía propondrá e resolverá a incorporación do/a aspirante que ocupe a seguinte posición ordinal na bolsa; e ademais, agás que poida acreditar, documental e fidedignamente, causas/razóns de forza maior que xustifiquen o dito incumprimento (que serán obxecto de apreciación e estimación discrecional e potestativa por parte da Alcaldía), pasará a ocupar o último lugar da bolsa. Así mesmo, tamén pasará a ocupar o dito último lugar da bolsa no caso de que proceda a renunciar ou desistir do posto de traballo, unha vez aceptado expresamente o nomeamento ou contratación, e antes de proceder á efectiva incorporación/toma de posesión/formalización do contrato de traballo.

2. Baixa definitiva.

A acumulación, por un mesmo integrante da bolsa, de tres situacións de falta de resposta (en prazo) aos chamamentos, rexeitamento inxustificado, incumprimento da presentación da documentación previa á incorporación/toma de posesión e/ou do prazo/datas fixados ao efecto, dará lugar á súa baixa definitiva na bolsa. Igualmente, tamén serán causas de baixa definitiva as seguintes:

1. Solicitude de baixa voluntaria por parte dos/as integrantes da bolsa.

2. Non reunir os requisitos requiridos (ou terse producido falsidade na acreditación destes).

3. Ter sido separado ou inhabilitado do servizo público.

4. Falecemento, incapacidade permanente ou cumprimento da idade ordinaria de xubilación fixada, de ser o caso, en cada momento.

En todo caso, a dita baixa definitiva deberá ser acordada, mediante resolución debidamente motivada, por parte da Alcaldía e deberase garantir aos afectados o trámite de audiencia.

3. Dilixencia de chamamentos.

Ao obxecto da súa adecuada xustificación, consulta e acreditación administrativa, o/a empregado/a público/a que se teña encargado dos chamamentos fará constar, mediante dilixencia emitida ao efecto (e que obrará no expediente correspondente), os trámites efectivamente realizados; debendo indicar, cando menos, os días e horas nos que se realizaran as chamadas e o envío de correos electrónicos, así como do remate do prazo para responder ao chamamento, e se o/a aspirante tivo respondido en prazo e aceptado, ou non, a oferta de nomeamento realizada (e sen prexuízo daquelas incidencias/circunstancias que, de ser o caso, se estime oportuno reflectir).

4. Fin da relación de emprego e reingreso na bolsa

O persoal temporal que teña sido incorporado ao abeiro destas bolsas finalizará a súa relación de emprego, ademais de polas causas xerais que determinan a perda da condición de empregado público, cando rematen as causas que tiveran motivado a dita incorporación e o nomeamento ou contratación correspondentes ou, no seu caso, concorran algunha das restantes causas de finalización legalmente previstas, segundo o caso.

Ao producirse a finalización da súa relación de emprego como persoal temporal regresará á posición ordinal que, en cada momento, lle corresponda dentro da bolsa, agás que a finalización da relación de emprego se deba a unha renuncia ao posto de traballo unha vez producida a contratación ou toma de posesión, en cuxo caso regresará á bolsa no seu último lugar; non obstante, nos casos nos que a relación de emprego finalice por mor dunha situación ou suposto legal con reserva de posto e/ou con garantía/posibilidade de reincorporación, manterá a súa posición ordinal na bolsa en tanto siga vixente a dita reserva de posto ou garantía/posibilidade de incorporación.

5. Situacións ordinarias nas que se poderán atopar os/as integrantes de cada unha das bolsas.

a.- “Dispoñible”. Atoparse entre a listaxe de integrantes da bolsa á espera de ser chamado/a.

b.- “Traballando”. Atoparse traballando para o propio Concello como consecuencia de ter sido nomeado/a ou contratado/a a través da bolsa.

Finalizada a vixencia do correspondente contrato/nomeamento, pasarase novamente á situación de “dispoñible”, mantendo a posición ordinal anterior na bolsa de orixe, agás nos supostos excepcionais sinalados no apartado 4 anterior.

No caso de que os/as empregados/as “traballando” se atopen incluídos como dispoñibles noutras bolsas de emprego temporal do Concello, poderán aceptar ou rexeitar outra contratación ou nomeamento temporal que se lles ofrezca a través destas. No caso de aceptar, considerarase como “renuncia voluntaria” na súa relación de emprego en vigor e pasarán como “dispoñibles” ao final da bolsa de emprego da que tivera derivado a contratación ou nomeamento ao que se renuncie.

c.- “Baixa definitiva”. Implica a exclusión definitiva da bolsa, e se derivará dos supostos/circunstancias sinalados no apartado 2 anterior.

En todo caso, a dita baixa definitiva deberá ser acordada, mediante resolución debidamente motivada, por parte da Alcaldía e deberase garantir aos afectados o trámite de audiencia.

6. Mellora de emprego

As persoas que figuren na lista de agarda correspondente e teñan formalizado un nomeamento nesta Administración de duración igual ou inferior a un ano serán chamados para novos nomeamentos pola súa orde de prelación nos seguintes casos:

1. Cando o novo nomeamento sexa para a execución dun programa de carácter temporal.

2. Cando o novo nomeamento sexa para a cobertura dunha praza vacante.

A mellora só se ofertará unha vez por persoa aspirante e só poderán cambiar de nomeamento en virtude de mellora de emprego unha única vez durante o período que se manteña a lista de agarda.

7. Competencia para a xestión ordinaria das bolsas

A competencia para a xestión administrativa e ordinaria das bolsas de emprego correspóndelle ao servizo ou unidade administrativa que teña atribuída a xestión de persoal/RR.HH; cuxo persoal asumirá os trámites operativos e materias pertinentes.

8. Dereito de acceso e información

Garantirase aos interesados a posibilidade de acceso/información respecto da bolsa de emprego vixente en cada momento, mediante os medios que o fagan posible e con adecuación, en todo caso, ás previsións/limitacións normativas aplicables ao respecto do dereito de acceso á información pública e da protección de datos de carácter persoal. E isto sen prexuízo das atribucións resolutorias que, segundo o previsto nestas bases, así como na normativa de réxime local, lle correspondan á Alcaldía ou ao órgano competente correspondente.

Décimo terceira.- Normas finais.

1. Para todo o non previsto nestas presentes bases xerais, así como nas específicas, os Tribunais estarán facultados para resolver e/ou interpretar as dúbidas que se puideran presentar e tomar os acordos necesarios para a boa orde e adecuado desenvolvemento dos procesos selectivos, con pleno sometemento e adecuación ás previsións normativas aplicables, e con arranxo ao sentido e contido das propias bases.

2. Todas as referencias á Alcaldía contidas nas presentes bases entenderanse realizadas ao órgano municipal que, en cada momento, e por previsión normativa ou delegación desta, asuma idénticas competencias.

3. De acordo co disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e Garantía de Dereitos Dixitais, os datos persoais facilitados incorporaranse e manteranse nun ficheiro titularidade do Concello, coa finalidade de poder atender a súa solicitude. Os devanditos datos serán tratados de xeito confidencial, podendo ser cedidos só nos casos previstos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e garantías de dereito dixitais. Para exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, na medida en que a lei o permita, dos datos persoais, a persoa interesada deberá comunicalo por escrito ao Concello, achegando copia do documento que acredite a súa identidade.

Décimo cuarta.- Réxime de recursos.

A resolución aprobatoria destas bases reguladoras, así como das respectivas convocatorias e bases específicas, e cantos actos administrativos se deriven delas, así como das actuacións do Tribunal, poderán ser impugnados, polos interesados, tanto en vía administrativa como contenciosa, na forma e prazos establecidos pola Lei do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Lei reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e/ou aquela outra normativa concordante e vixente ao respecto.”

Asinado dixitalmente o 12.12.2024 polo alcalde Juventino José Trigo Rey.

2024/8997